

**Asunto: Petición de medidas extraordinarias para a etapa de educación infantil e primaria a causa da COVID-19**

**D. JULIO TRASHORRAS DE LA FUENTE, D.N.I. núm. \*\*\*\*\*525Q, con domicilio a efectos de notificacións en Rúa San Roque 94-98, C.P 27002 LUGO, actuando na súa calidade de Vicepresidente Autonómico de ANPE Galicia**

**EXPOÑO:**

- 1.- Que a Consellería de Educación vai recibir preto de 93 millóns de euros do Fondo COVID-19 distribuído polo Ministerio de Educación para as Comunidades Autónomas.
- 2.- Que o protocolo COVID-19 publicado para o curso escolar 2020-2021 recolle medidas totalmente inviables e inaplicables que se fan máis evidentes no caso da etapa de Educación Primaria e máis especialmente, no caso de Educación Infantil onde un só docente debe establecer subgrupos de 5 alumnos que non deben mesturarse e vixiar a hixiene do alumnado e do material que debe utilizar. Así mesmo, tampouco se contemplan desdobres no caso de Primaria como si se fai en Secundaria no caso de non poder cumprir o requisito de distanciamento de máis de 1,5 metros, feito que será bastante probable de non reducirse as rateos por debaixo dos 25 alumnos/as tal e como levamos tempo demandando.
- 3.- Que a Consellería debe garantir, en calquera caso, que se cumpre o distanciamento establecido polas autoridades sanitarias de 1,5 metros como medida de protección do alumnado. Así mesmo, debe dotar a todo o persoal de material de protección.

**SOLICITO:**

- 1.- Que a Consellería de Educación autorice o **desdoblamento das aulas de infantil e primaria** nas que non se poida garantir o distanciamento social de 1,5 metros e non se poida reubicar noutras instalacións do centro.
- 2.- Que se **augmente a dotación de profesorado do corpo de mestres** para poder realizar ditos desdobramentos e para poder **reducir as rateos**.
- 3.- Que a Consellería dote de material sanitario, de protección e de limpeza a todos os centros educativos e a todo o persoal docente dos centros públicos.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2020.



Asdo.: JULIO TRASHORRAS DE LA FUENTE.  
VICEPRESIDENTE ANPE GALICIA.

**LMO. SR. DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL.**  
**Edificio Administrativo San Caetano S/N Santiago de Compostela. A Coruña**